

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE POLA QUE SE REVIS A AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA NÚM. 2014-IPPC-45-277

Instalación: planta de valorización e almacenamento de residuos perigosos e non perigosos	Procedemento: revisión para a adaptación á Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular
Titular: Galiza Verde, SL	Núm. rexistro AAI: 2014-IPPC-45-277
Localización: concello de Padrón (A Coruña)	Expediente: 2024-IPPC-M-70

ANTECEDENTES

- Galiza Verde, SL dispón de autorización ambiental integrada co número de rexistro 2014 IPPC-45-277 para a planta de valorización e almacenamento de residuos perigosos e non perigosos situada no concello de Padrón (A Coruña) desde o 7.7.2015.
- O 23.5.2024 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade solicitou ao titular que presentase a documentación do anexo IX da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, co obxecto de dar cumprimento á súa disposición transitoria cuarta, e así poder adaptar as autorizacións de xestión de residuos ao establecido na dita lei.
- O 24.7.2024 o titular presentou documentación en resposta á solicitude.
- De conformidade co artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o 9.5.2025 deuse trámite de audiencia ao titular para que puidera presentar os documentos e xustificacións que estimase pertinentes, no prazo establecido. A empresa accedeu á notificación en data 9.5.2025.
- O 23.5.2025 o titular presentou un escrito de alegacións durante o trámite de audiencia referente á capacidade máxima de almacenamento de residuos perigosos na instalación, que foron tidas en conta para a elaboración desta resolución.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- A instalación está no ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016) (actividade incluída no anexo I, categoría 5.6).
- A disposición transitoria cuarta da dita Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular (BOE núm. 85 do 9.4.2022) establece que as



comunidades autónomas deberán adaptar as autorizacións e comunicacións de xestión de residuos existentes ao que nesta se establece.

3. O artigo 33.9 da Lei 7/2022, do 8 de abril, establece que a autorización prevista no apartado 1 para as instalacións de tratamento de residuos quedará incorporada na autorización ambiental integrada concedida conforme ao Real decreto legislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados de contaminación, e incluírá os requisitos recollidos neste artigo tal e como establece o artigo 22.1.g) do citado texto refundido.

4. A Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia (DOG núm. 38 do 25.2.2021) establece as obrigas dos suxeitos produtores, posuidores iniciais e xestores de residuos, entre outros aspectos.

5. O Real decreto 208/2022, do 22 de marzo, sobre as garantías financeiras en materia de residuos, regula as garantías financeiras esixibles (BOE núm. 78 do 1.4.2022).

6. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade é o órgano competente para a tramitación e o seguimento das actuacións derivadas das autorizacións ambientais integradas e da calidade dos solos, segundo o establecido no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, modificado polo Decreto 192/2024, do 9 de decembro (DOG núm. 238 do 11.12.2024).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, con base nas súas competencias e vista a proposta da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, **RESOLVE:**

1. Adaptar as autorizacións de xestor de residuos que se inclúen na autorización ambiental integrada núm. 2014-IPPC-45-277 ao establecido na Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, de xeito que o apartado 7 da dita autorización pasa a ter a seguinte redacción:

7. XESTIÓN DE RESIDUOS

7.1 Autorización de almacenamento de residuos perigosos

Número de inscrición	SC-RP-IPPC-XA-00011
Propietaria da instalación	Galiza Verde, SL
NIF	B15681950
NIMA	1500033352
eSIR	12G02150003335201
Localización das instalacións Coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29)	X: 528.170 Y: 4.733.924
Operación de tratamento autorizada (anexo II da Lei 7/2022, do 8 de abril)	R1302 ⁽¹⁾ – Almacenamento de residuos, no ámbito do tratamento





Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	727
Descrición do tratamento	Almacenamento temporal de residuos para a súa posterior entrega a xestores de residuos autorizados
Capacidade máxima puntual de almacenamento (t)	240
⁽¹⁾ Esta inscrición R1302 inclúe a operación de reenvasado sempre e cando forme parte da actividade de almacenamento	

Tipos e cantidades de residuos cuxo tratamento¹⁾ se autoriza			
LER	Descrición:	Características perigosidade	Cantidade (t/ano)
030104*	Serraduras, labras, retrincos, madeira, taboleiros de partículas e chapas que conteñen substancias perigosas	HP13	2
070111*	Lodos do tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas	HP14	2
070214*	Residuos procedentes de aditivos que conteñen substancias perigosas	HP3 / HP6	1
080111*	Pintura en polvo	HP5	35
080117*	Residuos do decapado ou eliminación de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	HP8 / HP14	40
080119*	Suspensións acuosas que conteñen pintura ou verniz con disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	HP14	20
080312*	Residuos de tintas que conteñen substancias perigosas	HP14	1
080316*	Residuos de solucións corrosivas	HP8	1
120112*	Ceras e graxas usadas	HP5	2
130205*	Aceites minerais non clorados de motor, de transmisión mecánica e lubricantes	HP14	15
130502*	Lodos de separadores de auga/substancias aceitosas	HP14	25
140605*	Lodos ou residuos sólidos que conteñen outros disolventes	HP3	1
160111*	Zapatas de freo que conteñen amianto	HP14	1
160213*	Equipamentos desbotados que conteñen compoñentes perigosos, distintos dos especificados nos códigos 16 02 09 a 16 02 12	HP14	1
160602*	Acumuladores de Ni-Cd	HP14	1
170503*	Terra e pedras que conteñen substancias perigosas	HP14	25
200121* 31*	Lámpadas de descarga, non LED e fluorescentes	HP14	1
200135* 21*	Monitores e pantallas CRT	HP14	2





Tipos e cantidades de residuos cuxo tratamento ¹⁾ se autoriza			
LER	Descrición:	Características perigosidade	Cantidade (t/ano)
200135* 22*	Monitores e pantallas: non CRT e non LED	HP14	3
200135* 61*	Aparellos de informática e telecomunicacións pequenos con compoñentes perigosas	HP14	8
070301*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos	HP14	150
080111*	Po de vernizado/lixado	HP5	100
080111*	Restos de pintura e verniz	HP13	100
080113*	Lodos de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	HP	2
080115*	Lodos acuosos con pintura	HP6	1
080115*	Augas con pintura ou verniz	HP6	1
080314*	Lodos de tinta que conteñen substancias perigosas	HP6	16
080317*	Residuos de tóner de impresión que conteñen substancias perigosas	HP14	1
090101*	Solucións de revelado e solucións activadoras á auga	HP8	35
090104*	Solucións de fixación	HP5 HP8	1
120301*	Líquidos acuosos de limpeza	HP14	10
130507*	Auga aceitosa procedente de separadores de auga/substancias aceitosas	HP14	3
150111*	Envases metálicos, incluídos os recipientes a presión baleiros, que conteñen unha matriz porosa sólida perigosa (por exemplo, amianto)	HP14	9
160107*	Filtros de aceite	HP5	100
160113*	Líquidos de freos	HP14	1
160114*	Anticonxelantes que conteñen substancias perigosas	HP6	75
160303*	Residuos inorgánicos que conteñen substancias perigosas	HP14	35
160601*	Baterías de chumbo	HP6 / HP8	330
160603*	Pilas que conteñen mercurio	HP14	0,05
160606*	Electrólito de pilas ou acumuladores recollidos selectivamente	HP8	0,05
1) Os residuos que se autoriza tratar na inscrición de almacenamento son os mesmos que se autoriza producir			



7.1.1 Condicións específicas para o almacenamento de residuos perigosos

Deberase cumprir estritamente o determinado no Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos e, en concreto, o relativo ás condicións de almacenamento do anexo VIII dos RAEE.

Galiza Verde, SL deberá dar cumprimento ao establecido na Orde TED/1032/2024, do 20 de setembro, pola que se desenvolve a plataforma electrónica de xestión e a oficina de asignación de recollidas de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (BOE núm. 234 do 27.9.2024).

7.2 Autorización de almacenamento de residuos non perigosos

Número de inscrición	SC-I-IPPC-XA-00011
Propietaria da instalación	Galiza Verde, SL
NIF	B15681950
NIMA	1500033352
eSIR	12G02150003335201
Localización das instalacións Coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29)	X: 528.170 Y: 4.733.924
Operación de tratamento autorizada (anexo II da Lei 7/2022, do 8 de abril)	R1302 ⁽¹⁾ – Almacenamento de residuos, no ámbito do tratamento
Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	170
Descrición do tratamento	Almacenamento temporal de residuos para a súa posterior entrega a xestores de residuos autorizados
Capacidade máxima puntual de almacenamento (t)	30
⁽¹⁾ Esta inscrición R1302 inclúe a operación de reenvasado sempre e cando forme parte da actividade de almacenamento	

Tipos e cantidades de residuos cuxo tratamento ¹⁾ se autoriza		
LER	Descrición:	Cantidad (t/ano)
030105	Serraduras, labras, retrincos, madeira, taboleiros de partículas e chapas distintos dos mencionados no código 03 01 04	10
070213	Residuos de plástico	20
120103	Limaduras e labras de metais no férreos	5
120105	Labras e rebarbas de plástico	5
160112	Zapatas de freo distintas das especificadas no código 16 01 11	2





Tipos e cantidades de residuos cuxo tratamento ¹⁾ se autoriza		
LER	Descrición:	Cantidad (t/ano)
160117	Metais férreos	225
160118	Metais non férreos	15
160119	Defensas e Ópticas	100
160120	Vidro	90
160122	Asentos vehículos	2
200101	Papel e cartón	2
200307	Residuos voluminosos	3
1) Os residuos que se autoriza tratar na inscrición de almacenamento son os mesmos que se autoriza producir		

7.3 Autorización de valorización de residuos perigosos: recuperación de disolventes

Número de inscrición	SC-RP-IPPC-XV-00029
Propietaria da instalación	Galiza Verde, SL
NIF	B15681950
NIMA	1500033352
eSIR	12G01150003335203
Localización das instalacións Coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29)	X: 528.170 Y: 4.733.924
Operación de tratamento autorizada (anexo II da Lei 7/2022, do 8 de abril)	R0201 – Recuperación ou rexeneración de disolventes
Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	530
Descrición do tratamento	Recuperación de disolventes mediante procesos físicos de destilación e decantación
Capacidade máxima puntual de almacenamento (t)	80

Tipos e cantidades de residuos cuxo tratamento se autoriza			
LER	Descrición:	Características perigosidade	Cantidad (t/ano)
140603*	Outros disolventes e mesturas de disolventes	HP3	300





Tipos e cantidades de residuos que se autoriza producir como consecuencia da operación de tratamento			
LER	Descrición:	Características perigosidade	Cantidade (t/ano)
140603*	Outros disolventes e mesturas de disolventes	HP3	10
070111*	Lodos do tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas	HP14	15
070301*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos	HP14	50
130205*	Aceites minerais non clorados de motor, de transmisión mecánica e lubricantes	HP14	15
080113*	Lodos de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	HP3 HP6	45
080111*	Restos de pintura e verniz e pintura seca	HP13	50

7.3.1 Condicións específicas para a valorización de residuos perigosos: recuperación de disolventes

As operacións de rexeneración son un tipo específico de operacións de reciclado no que o produto resultante non será un residuo, sempre que o material obtido teña as características comparables ás do material non residuo que substitúe, de maneira que poida utilizarse directamente nun proceso produtivo sen poñer en perigo a saúde humana ou o medio ambiente.

O produto obtido no proceso de valorización deberá cumprir os requisitos técnicos para as finalidades específicas ás que se destina, a lexislación existente e as normas aplicables aos produtos. No caso contrario, deberá ser xestionado como residuo e entregado a xestor autorizado.

7.4 Autorización de valorización de residuos perigosos: compactación

Número de inscrición	SC-RP-IPPC-XV-00030
Propietaria da instalación	Galiza Verde, SL
NIF	B15681950
NIMA	1500033352
eSIR	12G01150003335200
Localización das instalacións Coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29)	X: 528.170 Y: 4.733.924
Operación de tratamento autorizada (anexo II da Lei 7/2022, do 8 de abril)	R1203 – Tratamento mecánico (tritución, fragmentación, corte, compactación, etc.)
Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	500
Descrición do tratamento	Compactación de residuos



Capacidade máxima puntual de almacenamento (t)	160
---	-----

Tipos e cantidades de residuos cuxo tratamento se autoriza			
LER	Descrición:	Características perigosidade	Cantidade (t/ano)
150110*	Envases que conteñen restos de substancias perigosas ou están contaminados por elas - Envases de plástico	HP14	60
150110*	Envases que conteñen restos de substancias perigosas ou están contaminados por elas - Envases metálicos	HP14	140
150202*	Absorbentes, materiais de filtración (incluídos os filtros de aceite non especificados noutra categoría), trapos de limpeza e roupas protectoras contaminados por substancias perigosas	HP13	185

Tipos e cantidades de residuos que se autoriza producir como consecuencia da operación de tratamento			
LER	Descrición:	Características perigosidade	Cantidade (t/ano)
150104	Envases metálicos	-	100
150102	Envases de plástico	-	35
080111*	Residuos de pintura e verniz e pintura seca	HP13	40
080113*	Restos pastosos de pintura e verniz	HP3	35
150111*	Aerosois	HP14	4
150110*	Envases baleiros contaminados	HP14	10
150202*	Absorbentes, materiais de filtración (incluídos os filtros de aceite non especificados noutra categoría), trapos de limpeza e roupas protectoras contaminados por substancias perigosas	HP13	185

7.5 Autorización de valorización de residuos non perigosos: compactación

Número de inscrición	SC-I-IPPC-XV-00051
Propietaria da instalación	Galiza Verde, SL
NIF	B15681950
NIMA	1500033352
eSIR	12G04150003335200
Localización das instalacións	X: 528.170



Coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29)	Y: 4.733.924
Operación de tratamento autorizada (anexo II da Lei 7/2022, do 8 de abril)	R1203 – Tratamento mecánico (tritución, fragmentación, corte, compactación, etc.)
Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	100
Descrición do tratamento	Compactación de residuos
Capacidade máxima puntual de almacenamento (t)	30

Tipos e cantidades de residuos cuxo tratamento¹⁾ se autoriza		
LER	Descrición:	Cantidad (t/ano)
080112	Residuos de pintura e verniz distintos dos especificados no código 080111	2
150101	Envases de papel e cartón	15
150102	Envases de plástico	6
150106	Envases mesturados	2
1) Os residuos que se autoriza tratar na inscrición de valorización son os mesmos que se autoriza producir		

7.6 Garantías financeiras

Segundo o disposto no Real decreto 208/2022, do 22 de marzo, sobre as garantías financeiras en materia de residuos, o método para o cálculo da fianza é o seguinte:

$$\text{Importe fianza (en euros)} = [Q_m (t) \times 10 (\text{€/t})] + [Q_{np} (t) \times 50 (\text{€/t})] + [Q_{rp} (t) \times 500 (\text{€/t})]$$

Onde:

Q_m : a capacidade máxima (en toneladas) de almacenamento de residuos metálicos non perigosos.

Q_{np} : a capacidade máxima (en toneladas) de almacenamento de residuos non perigosos e non metálicos.

Q_{rp} : a capacidade máxima (en toneladas) de almacenamento de residuos perigosos.

Segundo os datos facilitados polo titular, a superficie total da instalación é de 525 m² e as capacidades máximas de almacenamento de residuos son:

- Residuos metálicos non perigosos: 30 t
- Residuos non metálicos non perigosos: 30 t
- Residuos perigosos: 240 t

$$\text{Importe fianza} = [(30 \times 10) + (30 \times 50) + (240 \times 500)] = 121.800 \text{ euros}$$



O titular indica que a capacidade máxima de almacenamento de residuos perigosos na instalación é de 240 t, xustificando esta capacidade coa superficie de almacenamento dispoñible na instalación para estes residuos.

A empresa ten actualmente depositada unha fianza pola contía de **55.515** euros (núm. rexistro 2918/2015 (20.515 €), 2920/2015 (10.000 €), 2927/2015 (15.000 €) e 171/2022 (10.000 €)), polo que antes do 21.4.2030, Galiza Verde, SL debe adaptar a garantía depositada conforme á disposición transitoria única do Real decreto 208/2022.

Durante a vixencia da autorización débense manter vixentes e actualizadas as garantías exixidas; polo tanto, no caso de que se produza algún cambio nas características da instalación ou na xestión dos residuos, o titular deberá informar deste feito para proceder a actualizar a contía da fianza.

7.7 Seguro de responsabilidade civil

En cumprimento do establecido no artigo 23.5.c) da lei 7/2022, Galiza Verde, SL deberá presentar no prazo dun mes un certificado do seguro de responsabilidade civil que cumpra coa contía mínima establecida no Real Decreto 208/2022 para os xestores de residuos perigosos (1.000.000 €).

Santiago de Compostela,

María José Echevarría Moreno

A directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

Esta resolución notificarase e publicarase no DOG na forma prevista no artigo 24 do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, de conformidade co disposto nos artigos 112.1, 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 de 2.10.2015).

